

A MÚSICA E O BAILE. A IDIOSINCRASIA DA FONSAGRADA

Adrián Méndez Fernández

Quen visita a nosa bisbarra adoita dicir: “nunca tan ben nos trataron como na Fonsagrada”. A esta hospitalidade hai que engadirlle a humildade das súas xentes e unha capacidade de traballo historicamente demostrada. Paréceme importante salientar estes rasgos de carácter xa que sempre esta ben contextualizar o lugar do que se vai falar.

A comezos do século XX, o concello da Fonsagrada, o máis extenso de Galicia, é tamén un dos máis poboados. É entón cando máis creatividade e manifestacións artísticas agromaron nesta terra, maiormente no eido que nos ocupa, e que, na meirande parte, perduraron ata o día de hoxe.

A música e o baile constitúen unha manifestación popular que vén de lonxe. É este arraigo no seo dos pobos o que fai que a súa transmisión sexa fundamentalmente oral.

As unidades familiares, nas distintas aldeas da comarca, estaban conformadas, en moitos casos, por tres ou máis xeracións que convivían (avós e avoas, nais e pais, tíos e tías, netos e netas) baixo o mesmo teito. Raramente coincidían catro xeracións pois a esperanza de vida era máis curta que a actual. A música, os bailes e os contos axudaban á comunidade a pasar as longas noites de inverno. Estas xuntanzas permitían vehicular a transmisión dun saber que pasaba de xeración en xeración. Dá fe disto Oliva a perruqueira: “Aprendín cando era pequena e os bailes aprendíamolos uns dos outros, incluso indo coas ovellas bailabamos”. E estes bailes estaban acompañados da música e facíanse nas polavilas, nas ruadas ou cegadas (é así como se definían estas xuntanzas veciñais, dependendo da zona e do momento)

Nunha zona tan extensa, moitos son os termos para referirse a estas festas e moitos son os músicos que percorren o territorio cos seus instrumentos para e entretemento e ledicia da veciñanza. Nunha entrevista, Xabier Díaz fala de 235 gaiteiros censados na Fonsagrada o que supón, estatisticamente que case había un en cada aldea, proba incontestable do interese pola música na zona.

Os instrumentos que se tocaban eran a **trompa** (birimbao, arpa de boca), a **filarmónica** (como se lle chama aquí á harmónica), o **acordeón**, a **frauta traveseira**, o **violín** e, por suposto, a **gaita**.

A música non tiña un patrón exacto A, B, C...xa que improvisaban para o baile. Así, Mercedes Peón conta que se sentiu fascinada pola comunicación e sinerxía que se xeraba entre os gaiteiros e os bailadores e bailadoras no momento de comezar a danza. Se os bailaríns estaban realizando unha volta de muiñeira en tablón -paso de baile individual con movementos rápidos e enérxicos-, os gaiteiros empezaban a “claquear” -forma de tocar con dixitación semipechada: a maioría dos buracos do punteiro están pechados cos dedos e producen notas graves, para as agudas deben levantarse e controlar o aire co brazo que presiona o fol-. Desta capacidade de improvisación fala outra vez Mercedes na sección que presentou en *Luar* (programa da TVG). Compara a Sergio da Veiga de Logares cos músicos de jazz

pola súa capacidade de improvisar: *“Habitualmente toca en aberto, pero mistura tamén o pechado, variando, a medida que toca, piques e notas, case como se fixera jazz”*. Tamén fai gala desta capacidade de improvisación Florencio dos Vilares co seu violín.

En canto ao repertorio tradicional hai que falar de **muiñeiras** e **xotas**, pero pouco a pouco tamén foron integrándose novos ritmos que traían de fóra os emigrantes: **rumbas**, **pasodobres**, **habaneras**, **chotis**, **tangos**... E non podemos esquecer o poder de difusión da radio primeiro e da televisión despois que co andar dos tempos, foron rompendo a cadea de transmisión oral e, dun certo xeito, diluíndo a esencia do folclore que había aquí. É moi consciente deste feito Dorothé Schubart cando afirma:

“O meu peor inimigo foi a televisión que extinguiu a voz, a canción, a atmosfera, a conversa. Colocouse no centro das casas coma un altar, que non se podía apagar, aínda que ninguén quería vela ou escoitala. As voces e imaxes encheron o fogar e acompañaron as actividades como antes as cancións. As consecuencias foron notables. As representacións puxeron a medida da calidade en relación a eles. Escoitando as emisións comezaban a comparar e infravalorarse”

Esta perda de idiosincrasia tivo a súa parte positiva que se concretou na inclusión de novos ritmos e sonoridades que os virtuosos foron facendo seus nunha música de fusión adaptada aos tempos, porque toda tradición, se non se adapta, morre.